

“PROTOCOLO EDUCATIVO PARA A PREVENCIÓN E O CONTROL DO ABSENTISMO ESCOLAR EN GALICIA”.

Dende a Consellería de Educación se remitiu aos centros o “*Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia*”. Este documento ten como obxecto, entre outros, establecer un protocolo común de actuación que contribúa a garantir a asistencia aos centros educativos da totalidade do alumnado en idade de escolarización. Cómpre, en consecuencia, adaptar normas e procedementos a este regulamento e informar a esta Comunidade Educativa dos cambios que se establecen: (Breve resumo aplicado ao noso centro)

CONCEPTOS

Absentismo

Absentismo é a ausencia do centro escolar sen causa debidamente xustificada do alumnado en idade de escolarización por un mínimo do dez por cento (10%) do horario lectivo mensual. (Unhas dez sesións)

Protocolo de intervención en caso de absentismo

Por protocolo de absentismo, enténdese o conxunto de actuacións coordinadas que se activan cando se produce un caso de absentismo escolar, coa finalidade de garantir a asistencia do alumnado aos centros educativos.

Falta de asistencia a clase do alumnado

Considérase falta de asistencia á clase ou ausencia do centro escolar, a non presenza dun alumno ou alumna nunha **sesión completa** de clase. As faltas de asistencia **non debidamente xustificadas** serán as que computen para a cualificación do posible absentismo.

Falta xustificable

1.- Con carácter xeral, teñen a consideración de xustificables as seguintes faltas de asistencia á clase do alumnado:

- a) Citacións que impliquen deber inescusable (polo tempo necesario).



- b) Morte ou enfermidade grave dun familiar de primeiro e segundo grao.
- c) Tramitación de documentos oficiais, probas oficiais... (o tempo necesario).
- d) Indisposicións, podendo ser xustificables ata un máximo de dous días lectivos.
- e) Enfermidade, sendo xustificable o tempo de prescrición médica.

2.- No caso de faltas de asistencia non contempladas no apartado anterior, quedará a criterio da dirección do centro educativo a consideración da súa falta xustificada ou non.

CONTROL DE ASISTENCIA E PUNTUALIDADE E REXISTRO DAS AUSENCIAS

Control de asistencia

O control deberá realizarse diariamente e as incidencias serán rexistradas na aplicación informática de xestión académica da Consellería (XADE)

Xustificación

A xustificación das faltas realizarase ante o profesorado titor sempre que este o requira presentando segundo proceda:

1. Xustificante médico, nos supostos de enfermidade recollidos nos apartados d), e).
2. Documento acreditativo, nos demais casos.

Intervención

O procedemento de actuación diante das faltas sen xustificar contempla dúas liñas de actuación:

1. Intervención cos pais, nais, titores ou titoras legais co obxecto de reconducir a situación.
2. Inicio de expediente de absentismo, se o número destas faltas supera o 10% mensual.

A Directora




Dª Mª Aurora Cañizares Malagón